

Álvaro Cunqueiro: poemas e confesi3ns do ano 1933

Álvaro Cunqueiro: poems and confessions in the year 1933

Ram3n NICOLÁS RODRÍGUEZ

IES Valadares (Vigo)
ramonnicolas@yahoo.es

[Recibido, xaneiro 2008; aceptado, febreiro 2008]

RESUMO

No presente artigo dáse conta da existencia dun suplemento literario publicado nas páxinas de *La Región* ourensá no ano 1933 (“Los viernes literarios de la Región”), dirixido por Manuel Luís Acuña e X.L. Ramos Colemán, no que a presenza de Álvaro Cunqueiro foi destacada publicando alí textos poéticos e un discurso biográfico de interese que se comentan e exhuman pois nunca foron compilados.

PALABRAS CHAVE: Álvaro Cunqueiro, suplemento literario, *La Región* 1933, Manuel Luís Acuña, X.L. Ramos Colemán, textos poéticos, discurso biográfico, exhumación.

NICOLÁS RODRÍGUEZ, R. (2008): “Álvaro Cunqueiro: poemas e confesi3ns do ano 1933”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 57-62.

RESUMEN

En el presente artículo se informa de la existencia de un suplemento literario publicado en las páxinas de *La Región* ourensana en el año 1933 (“Los viernes literarios de la Región”), dirixido por Manuel Luís Acuña y X.L. Ramos Colemán, en el que la presencia de Álvaro Cunqueiro fue destacada publicando allí textos poéticos y un discurso biográfico de interés que se comentan y exhuman pues nunca fueron compilados.

PALABRAS CLAVE: Álvaro Cunqueiro, suplemento literario, *La Región* 1933, Manuel Luís Acuña, X.L. Ramos Colemán, textos poéticos, discurso biográfico, exhumación.

NICOLÁS RODRÍGUEZ, R. (2008): “Álvaro Cunqueiro: poemas y confesiones del año 1933”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 57-62.

ABSTRACT

This article informs about a literary supplement published on the pages of “La Región” from Ourense in the year 1933 (called “Los viernes literarios de la Región”), edited by Manuel Luís Acuña and X.L. Ramos Colemán, where the presence of Alvaro Cunqueiro was remarkable by publishing here poetic texts and an interesting biographical speech which are commented and recovered as they had never been compiled.

KEY WORDS: Álvaro Cunqueiro, literary supplement, *La Región* 1933, Manuel Luís Acuña, X.L. Ramos Colemán, poetic texts, biographical speech, exhumation.

Nicolás Rodríguez, R. (2008): “Álvaro Cunqueiro: poems and confessions in the year 1933”. *Madrygal (Madr.)*, 11: 57-62

Hai un Cunqueiro, poderoso e inmenso literato, que agranda a súa sona consonte os anos avanza, pero hai aínda un Cunqueiro por descubrir, menos transitado, aquel autor que deixa ciscados, aquí e acolá, pequenas mostras, alfaias as máis das veces, do seu incipiente traballo teatral, poético ou prosístico. Neste labor téñense empeñado diversos especialistas nos últimos anos como Marta Carracedo, Teresa López, M.^a X. Nogueira, Teresa López, Xosé María Dobarro ou Xosé H. Costas entre outros, e os resultados que se obtéñen van iluminando unha parcela que pode axudar a resituá-lo a Cunqueiro total. Deste xeito, no período que abrangue desde o seu falecemento ata hoxe resulta continua, e coido que sen parangón en ningún outro autor contemporáneo, se cadra coas excepcións de Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Blanco-Amor e algunha outra voz clásica, a atención que se lle veu emprestando á recuperación destes textos que navegan aínda polas augas do silencio e o esquezo, e teño para min que se cadra aínda considerados, inxustamente ao meu ver, menores. A maior abundamento, propóñome ofrecer aquí un mangado de textos cunqueirianos, coido que nunca compilados, todos eles publicados no ano 1933 no xornal ourensán *La Región*, que ofrezco acompañados con algún comentario e, evidentemente, sen ningunha modificación ortográfica, léxica ou gramatical que os altere da forma na cal saíron publicados nese soporte.

Hai algún tempo chegoume a información referida á existencia dun suplemento literario que vira a luz no seo de *La Región* no ano 1933 baixo o título de “Los viernes literarios de *La Región*”. Todo mercé un sinxelo retallo de prensa informativo que conservara o notario Xohán Luís Ramos Colemán, nos anos trinta membro moi activo das *Mocedades Galeguistas* e que lle cedera, pouco antes de falecer, a Ramón Luís Acuña, o xornalista e fillo do poeta Manuel Luís Acuña quen, a súa vez, polo interese que depositei na figura e obra do autor de *Firgoas*, tivo a ben darmos a coñecer. Ao dar con esta nova souben tamén que o profesor e investigador Marcos Valcárcel dera noticia, había ben tempo, das colaboracións cunqueiria-

nas asinadas neste soporte, pero sen chegar a reproducir os textos¹. Por outro lado o profesor Paz Gago (1999)² exhumara a “esceña final” ou epílogo de “Xan, o bo conspirador” que nesas páxinas se publicara —polo que obviaremos a súa mención ao ser un texto exhumado e comentado longamente nas súas dimensións teatrais—, aínda que o mesmo profesor non faría referencia a estoutras colaboracións cunqueirianas que aquí se amosarán.

Até o de agora, cando menos na bibliografía cunqueiriana, non se deu noticia da totalidade dos devanditos textos publicados naquel soporte nin tampouco da intensa relación que mantivo Cunqueiro nestas páxinas xornalísticas de contido literario que viron a luz a penas durante uns meses, concretamente ao longo de sete entregas, que van desde o 7 de xullo de 1933, a primeira, ata o 29 de setembro, a derradeira, cun ritmo de aparición, pois, moi irregular. O proxecto, codirixido polos xa citados Xoán Luís Ramos Colemán e mais por Manuel Luís Acuña quixo converterse nunha plataforma literaria que abrise unha fiestra renovadora e comprometida para a creación, para a crítica e para a información cultural galega. Nas súas páxinas cadraron, alén das sinaturas dos dous responsables con poemas, reseñas e textos teatrais, con moita frecuencia, as de Otero Pedrayo, Augusto María Casas, Francisco Fernández del Riego, Rafael Dieste, Vicente Risco, Ricardo Carballo Calero, Isidoro Guede, Eduardo Blanco-Amor, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Juan Lacomba, Angel Sevillano e Arturo Cuadrado entre algúns outros.

O papel desempeñado por un novísimo Cunqueiro nese suplemento resulta rechamante, tanto pola frecuencia das súas colaboracións como pola destacada atención que se lle empresta á súa dimensión de home de letras, pois tanto a súa sinatura como as referencias ao seu nome e obra concorren nestas páxinas en cinco das sete entregas do suplemento, o que socioloxicamente dá conta da relevancia que se lle outorgaba daquela á súa creación. Da mesma maneira se colixe que o autor de *Mar ao Norde* amosa un vivísimo interese en dar a coñecer os seus textos literarios

¹ Valcárcel, M., “Cunqueiro en Ourense”, *La Voz de Galicia*, 17-5-1991. Tamén reproducido, do mesmo autor, en *A cidade da xeración Nós*, Ourense: Caixagalicia, 1995, pp. 108-110. Entre outros datos, o profesor Valcárcel dá noticia dos textos cunqueirianos publicados en *La Región* e reproduce tres versos do “Poemas con sono.10”.

² Cómpre indicar que M.C. Ríos Panisse xa se facía eco da noticia ofrecida por Marcos Valcárcel en (1992) “Inicios teatrais de A. Cunqueiro (1933-1941)”, *Boletín Galego de Literatura. Monografías. Álvaro Cunqueiro*, Santiago: Universidade de Santiago, p. 126. Paz Gago faríao en “O teatro de Álvaro Cunqueiro”, en *Si o vello Sinbad volveuse ás illas...*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (col. “Centro Dramático Galego”, n.º 21), 1999, pp. 67-8.

ex-novo como se desprende do feito de que, xa na segunda entrega, a correspondente ao 14 de xullo de 1933, inaugure a páxina literaria co amentado texto dramático do epílogo de “Xan, o bon conspirador”, que remite á continuación e peche do texto teatral homónimo ben coñecido atopado por Fernández del Riego entre os papeis de Colmeiro, peza teatral fragmentaria publicada inicialmente nas páxinas de *Grial*, n.º 60 (1978).

Mais fóra dese texto Cunqueiro deixou máis mostras do seu quefacer nestas páxinas literarias de *La Región*. Así, na seguinte entrega do suplemento, a correspondente ao 21 de xullo de 1933, ofrécese no mesmo lugar unha colaboración dupla, até o de agora coído que non reproducida e, xaora, de destacado interese. Trátase de dúas prosas poéticas dispostas so o epígrafe “Caderno de un mapa ñocente (1933)” e baixo os títulos “11.- ela bailaba” e “12. conversa septima despois de morta”. Textos a medio camiño entre a poesía e a prosa, non incorporados posteriormente en ningún dos seus libros deste tempo nin posteriores e que, como el mesmo sinala nun texto confesional, unha sorte de autobiografía que logo citaremos, virían a ser: “Os tantas veces intentados poemas en prosa do “Caderno de un Mapa ñocente”.

Baixo unha evidente influencia, aínda, e confesada en numerosas veces (Nicolás: 1994) dos surrealistas franceses —nomeadamente Eluard, Aragón e Breton—, tanto a numeración correlativa dos poemas como a existencia dun título conxunto fai pensar na existencia dunha serie que non nos foi dada a coñecer na súa totalidade pero que encaixa á perfección en producións poéticas contemporáneas do autor e que pertencerían, en definitiva, a un deses seus libros soñados.

A xeito de visión sensitiva, no primeiro destes textos, ofrécesenos un cadro descritivo e senti-

mental, unha historia de amor, gobernada por unha policromía imaxinística, cun teimudo apelativo en segunda persoa. Centrándose na descrición dunha danza, unha danza “parada”, isto é, marcada por un estaticismo que subverte ou nega a súa condición natural de movemento, ofrécesenos unha visión singular, adornada con música “rota”, quebrada e interrompida. Unha visión estantía, en fin, e á súa vez non desposuída dun ton idílico, propia do ámbito da recordación e de certo onirismo desde onde se alimentan as imaxes poéticas, incardinándose todo o exercicio nunha correlación de elementos de filiación surrealista —ese ollo que nace baixo os pés, esa pomba con “fe maliciada”, esas “curvas reitas doridas”, eses xardíns desde os que “choven ouro...”. Texto poético-narrativo, pois, no que amosa con éxito esa función estética da linguaxe, artellado a través dun triple eixo central e rítmico que é: “Vinte danzar”, “Danzabas” e “Estabas danzando”. A disposición espacial que achegaría o texto á expresión poética é evidente pois, de feito, de descompoñermos o texto atendendo ás devanditas marcas obteríamos outro máis tradicionalmente poético no que se refire á disposición espacial, composto por seis versos iniciais que irían presentando unha serie estrófica do mesmo número, co correspondente artellamento a través das imaxes poéticas derivadas desta visión sensitiva³. Sen dúbida estamos perante parte dese corpus textual que Morán Fraga apunta, con acerto a meu xuízo, cando rastrea as relacións existentes entre a poética cunqueiriana e a de Éluard, sinalando:

Pero a influencia máis notoria destes libros [de Éluard] sería en especial de tipo léxico, podéndose apreciar igualmente a semellanza nalgunha disposición formal. É doado detectar a presenza dos paxaros (oiseaux), do espello (miroir), a luz, o sol, a

³ O poema sería doada e razoablemente descompoñible en:

1.- ela bailaba

Vinte danzar.

A neve, que é sutil como lámpara, dábatche nos ollos.

Danzabas.

Dooridas, as curvas reitas do teu ballet chegaban á gorxa da lua, en tola carreira de parques e barandas.

Danzabas.

Cuíños cegos axexaban o xirar violento da suave música rota qu-enchía a tua danza parada, beixaban o lirio que despertan os astros malencólicos aló pol-a unha e media ou as dúas da serán.

Vinte danzar.

Unha pomba escoitábate coma se foras eterna, sorrindo ao mesmo tempo por causa da súa fe maliciada.

Estabas danzando.

Un ollo grande, como brinco de corza antiga, nascía debaixo dos teus pes de silencio i-era vidro i-outros fogos na fondura da tua gracia.

Danzabas.

Chovían os xardíns o seu ouro derradeiro e tocaba a fruta un cisne, preto d-unha d-isas chamativas estampas mudas dos estanques.

sombra, a xeometría, a anatomía, a lúdica circense..., elementos (moitos deles) que non son estritamente surrealistas e que participan dunha estética común á vangarda. Outra cousa é o xeito de poetizar, onde diremos, con Ferrín, que é máis difícil rexistrar influencias. (Morán Fraga: 2001).

O primeiro dos textos aludidos di así:

1.- *ela bailaba*

Vinte danzar. A neve, que é sutil como lámpara, dábatche nos ollos. Danzabas. Dooridas, as curvas reitas do teu ballet chegaban á gorxa da lua, en tola carreira de parques e barandas. Danzabas. Cuiños cegos axexaban o xirar violento da suave música rota qu-enchía a tua danza parada, beixaban ao lirio que despertan os astros malencólicos aló pol-a unha e media ou as duas da serán. Vinte danzar. Unha pomba escoitábate coma se foras eterna, sorrindo ao mesmo tempo por causa da sua fe maliciada. Estabas danzando. Un ollo grande, como brinco de corza antiga, nascía debaixo dos teus pes de silencio i-era vidro i-outros fogos na fondura da tua gracia. Danzabas. Chovían os xardís o seu ouro derradeiro e tocaba a frauta un cisne, preto d-unha d-isas chamativas estampas mudas dos estanques.

Na composición seguinte, pertencente ao mesmo proxecto non-nato, isto é, “12. conversa septima despois de morta”, Cunqueiro dá aínda unha volta de torniqueta máis acusada e afonda no pouso surrealista do que fai gala a miúdo nesta época ao formular, desde o propio paratexto inicial, unha situación incoherente e absurda. Velaquí como con este monólogo sentimental, máis que conversa pois non se obtén resposta explícita ao non ser o silencio, dominado por un ton melancólico, conminatorio e imperativo, o autor ergue un canto, unha elexía ben peculiar, na que se xoga de continuo coas reiteracións baseadas en isotopías marcadas polo binomio “esquecer”-“deixar”, “agora”-“daquela” para, a través de palabras símbolo moi reiteradas na estética surrealista —o espello que se humaniza e que posúe veas e cancións (por certo o único que a morta, coma se fose viva, debe esquecer), e mais logo a mención ás diversas partes do corpo: os dedos, os cabelos, os ollos, a man que se esquecía en calquera lado...— exemplificar, pola súa parte, a asimilación e singularidade do seu alento creativo superador de vellos moldes, alleo ao realismo ou

ao propio romanticismo, mesmo ao simbolismo, e conectando con enorme pulo creador coas liñas vangardistas máis en voga do momento:

12.- *conversa septima despois de morta*

Non esquezas nin a canción nin as venas xeadas i-esbaradizas dos espellos. Esquece denantes –teus ollos, ollos novos!- aquela man que tiña asolagadas, nas fiestras tenre[fi o] da i-alba, as poutas verdes dos seus dedos. Tí tiñas aquela man coma un luxo. As vegadas esquencíala onde a un froleiro ou nun peixe. Que triste aquel peite co aquela man! Os cabelos –os teus cabelos agora perfectamente envasados como laranxas ou figos pasos, os teus cabelos agora fruta seca- andaban, d-aquela, pol-os meus ollos que aínda non eran mais que anacos de vidro. Esquece, agora de morta, calquera cousa. Deixa vivas e sonámbulas as horas da tua derradeira canción. Deixa viva a hora en que comezaron a nacerlle aos espellos venas frías i-escurridizas. Era cando ensaiabas as tristezas fiñaes.

Retornando ao soporte no que estes textos se publicaron, no número seguinte dos “Viernes Literarios”, concretamente na entrega do 28 de xullo, atópase unha interesante entrevista, ou autoentrevista quizais pois aparece asinada polo propio Cunqueiro, ata o de agora non recuperada, na que o autor ofrece unha concisa e suxestiva visión das súas angueiras literarias daquel tempo, dos seus moitos proxectos do período 1932-33, algúns malfadados e inconclusos como os libros *Tres herexes simpres e incompretos*, *Ensaio de arte e literatura aitual*, *Adolescenza en inverno* e mais os devanditos *Cadernos de un mapa inocente*. O texto posúe, ao meu ver, certo interese tanto por pertencer a un período no que o número destes textos informativos e de corte autobiográfico ou confesional resulta moi escaso⁴ como por revelar a intensidade e vigor do seu traballo, tamén a ironía da que facía gala xunto con eses libros soñados. Velaquí:

1932. Unha revista: “Yunque”. Un miragre: “Resol”, Souto, Maside, Colmeiro, Eiroa. E nada mais.

O ano 1932 foi, pra min, ano de fonda preocupación e traballo. Fixen poesía, teatro, novela, ensaios. Pubriquei “Mar ao Norde”.

⁴ No seu día tan só puideren incluír no libro compilatorio de entrevistas a Cunqueiro a *Autopoética e poesías* (Santiago: Consello da Cultura Galega, 1991), datado no ano 1935.

1933 chegou con certa lediza. Livros de Iglesia Alvariño, Bouza Brey. Un libro meu, de 1931-32: "Poemas do sí e non". Outro libro meu, escrito en dez días composteláns: "Cantiga nova que se chama Riveira". A miña maior obra: "Papel de Color". Matino dar outro libro iste ano: "Tres herexes simpres e incompreto". Ao millor: "Ensaio de arte e literatura aitual".

Fago poesía. Os tantas veces intentados poemas en prosa do "Caderno de un Mapa inocente". Logo "Adolescenza en inverno", na mesma liña de "Mar ao Norde". Intento, por terceira vegada xa, teatro e novela. Teatro sobre todo. Non sei até que ponto o lograrei. Matino un caderno anónimo deshomanizado, un boletín literario i-artístico "comercial", unha gran serie dos "Papel de color". Non sei que farei de todo isto. Perdín o senso: do posíbel i-o imposíbel. En chegando a un certo punto tanto da pra riba coma pra baixo.

Creo que 1933-34 serán dous bos anos pras letras galegas, a pesares da políteca e do chicolate canónigo das seis.

Tamén creo que teño sono e non sei que cousa seña o estar calado.

Xa para concluír, na derradeira entrega do suplemento, o 29 de setembro de 1933, Cunqueiro regala os seus lectores un poema que, de novo, non foi reproducido ata o de agora. Baixo o epígrafe "Poema con sono" preséntase a composición "10" que, a meu parecer, retoma a fórmula poética cun indubidable ton metafórico de cerna surrealista, harmonizándoo con elementos parateatrais. Velaí a presenza de tres voces diferentes: a descritiva en terceira persoa, a que se singulariza graficamente por medio dun guión, dunha persoa innomeada e con certo poder de demiurgo maléfico, e outra diferente, en primeira persoa de plural, que representa a voz coral duns nenos. Todo este diálogo desenvólvese, en aparencia, nunha atmosfera onírica fronteiriza coa realidade tan do gusto do surrealismo. De feito semella que asistimos á descrición dun sono que se inicia cunha visión dunha paisaxe natural, noctébriga e case paradisíaca: "xeografía formada de mazás", "Ninguén sabía chorar", na que xorde unha voz maléfica, un pesadelo en definitiva que

todo altera, que fai contrastes, nunca tópicos, entre o marco urbano e a ruralidade inserida nese mesmo ámbito urbano, sempre coas sempiternas recorrencias tan propias da poesía cunqueiriana desta época: "ollos de pomba", "danza", "fiestas", "as horas", etc... Os nenos, nese sono, nese estado onírico fronteirizo co real, constrúen unha cidade na que, con todo, se sitúa unha eira na que canta un galo e na que, inexcusablemente, a presenza das augas do río fan pensar no motivo do eterno retorno, da volta sen fin, en que todo flúe, que nada muda como sinala ao concluír: "Todo era igoal". Un pasmoso exercicio de amálgama da estética nova entrefebrecida con motivos clásicos, pero sempre contra os convencionalismos e mesmo adobiada con seus habituais relampos irónicos. O poema di así:

Poemas con sono.10

A Francisco F. del Riego,
para que poda enxergar a noite.

Unha noite de ríos dormía ben antiga.
Os nenos non sabían que aló nos descampados vellos había unha xeografía formada de mazás.]

Andaban as xentes a estudar as esquiñas verdes con métodos de lámpada i ollos de pomba.]

Ninguén sabía chorar. A lua era unha cousa calquera.

-Pensade cousas malas. A noite era oscura.
Unha danza recente chegaba pol-as fiestas.

-Todos sabedes o que é unha cidá.

Unha brúxula loira encantaba froleiros.

-Isto é mentira.

As fiestas ían suxetas a vergoñas e cóbdos. Por iso ían tan outas.

Que cansazo o de andar entre dúas fías de casas e faróls! Inventáramos mais aer. Saínos mal.]

Logo viñeron nenas que sabían canzós.
¡Qué bonitas!

Deran as tres e media en calquer galo!

Ninguén sabía que na cidá había unha aira.
A noite ben antiga despertou dos seus ríos.
Facía frío. Todo era igoal.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- NICOLÁS, Ramón (1994): *Entrevistas a Á. Cunqueiro*. Vigo: Editorial Nigra.
- MORÁN FRAGA, C., (2001): “O surrealismo na fronteira imprecisa do poeta e o narrador”, *La Voz de Galicia*, (28-1).
- PAZ GAGO, X. M.^a, (1999): “O teatro de Álvaro Cunqueiro”, en CUNQUEIRO, Álvaro, *Si o vello Sinbad volve-se ás illas...* Santiago: IGAEM.
- VALCÁRCEL, Marcos, (1991): “Cunqueiro en Ourense”, *La Voz de Galicia*, (17-5), tamén en (1995) *A cidade da xeración Nós*. Ourense: Caixagalicia.